REGANOSA REDOBRA A SÚA APOSTA POLA DIXITALIZACIÓN CREANDO UN EQUIPO ESPECÍFICO PARA IMPULSALA

A multinacional galega da enerxía incorporará a doutores e graduados relacionados coas matemáticas, a física, a enxeñaría e a informática

MUGARDOS, 11 de xuño de 2020.-
Reganosa redobra a súa aposta pola dixitalización da súa actividade. A multinacional galega da enerxía iniciou os trámites para crear no seu seo un departamento especificamente dedicado ao impulso dos procesos dixitais no sector. Desde hoxe busca novos perfís para incorporar ao seu persoal e nutrir o devandito equipo, que dependerá de Reganosa Servicios.

Reganosa sempre perseguiu a innovación no seu desenvolvemento. Froito desa política, xunto co Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (Itmati), das tres universidades de Galicia, creou Ganeso, un software que permite determinar cal é o deseño óptimo para construír e operar redes de gas de xeito eficiente. Esta ferramenta recibiu a finais de 2016 o premio ao mellor caso de éxito de transferencia tecnolóxica en Galicia, que outorgan a Real Academia Galega de Ciencias e a Axencia Galega de Innovación. A súa aplicación e o coñecemento xerado, non en balde, foron claves na expansión da compañía, que no último lustro prestou servizos en 14 países de catro continentes.

Agora Reganosa dá un novo paso naquela senda emprendida a década pasada e constitúe un departamento propio de dixitalización. Así, fichará a un doutor e a tres licenciados, graduados ou másteres relacionados coas matemáticas, a física, a enxeñaría e a informática. En concreto, busca profesionais con coñecemento e experiencia previa en modelización, simulación numérica e optimización, así como na implementación e validación en ordenador de algoritmos e métodos numéricos e técnicas de programación matemática.

Os aspirantes poden consultar os detalles da oferta de emprego accedendo ao perfil corporativo en Linkedin e a través da web www.reganosa.com. Na definición dos perfís, a empresa contou de novo coa colaboración do Itmati.

“Nun mundo cada vez máis eficiente e competitivo, no desenvolvemento das infraestruturas enerxéticas do futuro serán fundamentais a simulación, a optimización e o desenvolvemento de ferramentas matemáticas”, explicou o director xeral de Reganosa. “Continuamos -concluíu Emilio Bruquetas- incorporando novo talento á nosa compañía para gañar as capacidades que nos permitan seguir crecendo no mercado global”.

En paralelo a este proceso de captación de persoal, a empresa mantén abertos outros que a levarán nas próximas semanas a pasar a barreira dos 150 empregados, o número máis alto desde a súa fundación e máis do dobre que ao peche de 2015 (70).